

1^o
DE
MAIO

Día internacional da clase traballadora

PARTIDO POPULAR - UNIÓN EUROPEA menos dereitos máis pobreza

**Temos que poñer punto e final a este roubo, a este saqueo
contra a poboación máis débil, contra a clase traballadora**

TEMOS QUE PARALOS

CONSTANTES reformas que nos deixan sen dereitos para darlles diñeiro aos bancos, ás grandes empresas, aos especuladores/as e aos corruptos/as.

Atacan as nosas pensións insistentemente, os nosos dereitos no traballo abaratando o despedimento, incrementando a xornada laboral, reducindo os nosos salarios, causando máis paro e pobreza.

Somos vítimas dos desafuzamentos, perdemos o fogar, os aforros. Reducen as nosas prestacións por desemprego ao 50% a partir do sexto mes. Elimínanlle o dereito ao subsidio para maiores de 55 anos a centos de miles de persoas, suprimindo a cotización durante estes anos e como consecuencia castigando a pensión de todos e todas as que perderon o seu traballo.

Redúcennos as prestacións sanitarias atacando a nosa saúde, eliminan servizos e privatizan hospitais para negocio das empresas dos seus amigos; dánlle o poder ás mutuas para as baixas por enfermidade; encarecen a universidade para as fillas e fillos da clase traballadora, mentres dan centos de millóns

ao ensino privado para os fillos e fillas dos ricos/as.

Por que atacan sempre o gasto social con estas reformas e non atacan a inmensa fraude das grandes empresas do IBEX (Telefónica, Repsol, Santander, Iberdrola, Gas Natural, BBVA e 28 grandes empresas máis que segundo a Inspección de Facenda desvían por ano máis de 74.000 millóns de euros a paraísos fiscais); e por que non perseguen a fraude das grandes fortunas, os máis ricos/as, que segundo a propia Inspección levan a estes paraísos máis de 42.000 millóns de euros ao ano? Porque gobernan para eles.

O gasto social no Estado español (pensións, sanidade, ensino, axudas, subsidios, etc.) é un 15% menor que a media da Unión Europea.

Por que matan a industria galega, o naval, a pesca, o noso sector agroalimentario, destruíndo miles de empregos na nosa nación, só para contentar a Europa?

Xa anuncian novas reformas antes do verán, máis pobreza e paro. Temos que paralos ou non teremos futuro, e peor será para os nosos fillos e fillas.

Participa na manifestación do 1º de Maio



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com